

O Museo Municipal de Ponteareas

Rafael Sánchez Bargiela

Os inicios

Daquela, tras unha completa valoración das posibilidades do castelo para acoller este Museo, agora xa coa súa definitiva denominación de “Museo Municipal de Ponteareas”, decídese a súa ubicación no edificio que ocupaba a Biblioteca no centro da vila, proxecto que foi aprobado pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, autorizando a creación do Museo en 1990.

Iniciadas as obras de adaptación do edificio as mesmas quedan detidas cando o Concello recibe o antigo edificio das Escolas Graduadas e decide instalar nese inmobile o Museo, a Biblioteca e o Conservatorio de Música. Trasládanse estes servizos a finais de 1992 ó novo Centro Cultural “Isidoro Bugallal”.

De novo o Museo debe iniciar o seu proceso de montaxe; pero tiñamos importantes prioridades a cumprir previamente: a creación dunha zona de almacén, a adaptación dos espazos destinados a Museo, o inventario das coleccións, melloras de personal, etc. que retrasaron a apertura ata o outono de 1996 en que definitivamente se abriron as portas da exposición permanente deste Museo Municipal.

Á hora da montaxe das salas adicadas a exposición permanente do Museo, que abrangue tres salas e un pasillo-galería cunha superficie aproximada de 200 m², optouse, tras debatir varias alternativas e en función dos fondos que daquela posuía o Museo, por realizar un per-

corrido histórico polos principais momentos do pasado tanto de Ponteareas como da comarca natural na que se ubica.

Así a primeira sala ofrece un percorrido polos principais vestixios da presenza humana na nosa comarca ó longo da prehistoria e



Fig. 1



Fig. 2

historia antiga. Iníciase cos instrumentais líticos, datables no paleolítico, que se teñen atopado, básicamente, nas ribeiras do Tea. Bifaces, raspadores, raedeiras... que podemos datar entre os 150.000 – 10.000 a.C. Na mesma sala e continuando a visión da nosa historia máis remota temos un petroglifo, procedente de Chan da Gándara (Mondariz) que

formou parte do desaparecido Museo de Pías, de Enrique Peinador. A Idade do Bronce está representada por diversos materiais metalúrxicos como un machado de bronce do monte da Guía – Piñeiro (O Covelo) ou un molde de fundición que asociado a cerámica da época apareceu en Guillade – Ponteareas.

Sen dúbida que é o período castreño e galaico romano o mellor representado no Museo. Numerosos materiais de diversos xacementos da comarca amosan as principais características desta época: Os Castros – Lourido (Salvaterra), San Amaro – Lira (Salvaterra), O Caneiro – Fozara (Ponteareas), A Asunción de Pesqueiras (Salvaterra), etc. Coa conquista romana aparecen novos xacementos, destacando especialmente o de Altamira – Taboexa (As Neves) que contaba cunha abundante produción de materiais en bronce, destacando unha pequena figura dun togado e a súa colección numismática.

A segunda sala do Museo está adicada monográficamente ó Castro de Troña, situado na parroquia de Pías – Ponteareas, e que foi obxecto de excavacións arqueolóxicas nas primeiras décadas do século por Luis Pericot e Florentino López Cuevillas e entre 1981 e 1992 por José Manuel Hidalgo Cuñarro. Os materiais procedentes dalgunhas destas campañas pódense contemplar no Museo, destacando as amplias mostras de cerámica castreña e galaico-romana, así como materiais líticos, bronzes (Fig.1), etc., salientando un fragmento dun torques de ouro (Fig.2) e un engarce que posúe a representación ico-

nográfica dunha divindade alada do panteón romano.

A terceira sala (Fig.3) pretende amosar os elementos articuladores deste territorio dende a Idade Media: o castelo de Sobroso (protagonista de numerosos feitos de guerra ó longo da época medieval e logo cabeceira dunha ampla xurisdicción señorial perante a Idade Moderna) e trala desaparición dos señoríos, xorden os concellos, como elementos que organizan o territorio, e nesta época Pontareas adquire a súa configuración urbana. Completan esta sala á referencia a singulares persoeros locais: Gabino Bugallal Araujo e Fermín Bouza Brey, e a festa do Corpus Christi, que coas súas alfombras de flores é un verdadeiro sinal de identidade colectiva.

Por último, o pasillo-galería (Fig.4) posúe unha colección de obras de artistas locais, destacando obras do escultor Silverio Rivas, dos pintores Rogelio Lorenzo, Antonio Medal e Juan Soutullo.

Con esta denominación temos unha sección deste Museo, situada ata o de agora nos baixos dun edificio no centro da vila, pero que tivemos que abandonar fai poucas datas para trasladarse este Centro o Castelo de Sobroso, propiedade do Concello de Pontareas. Este Centro que depende do Museo amosa unha ampla colección etnográfica centrada en dous aspectos fundamentais: o traballo téxtil –básicamente o liño- e a indumentaria tradicional, xunto cunha mostra dos oficios tradicionais da nosa comarca (cesteiros, telleiros, zoqueiros, etc.). Este Centro conta cunha xestión privada



Fig. 3

a cargo de dous artesans que posúen no mesmo o seu propio taller téxtil, con teares tradicionais. Amáis da exposición permanente de fondos, se organizan visitas didácticas, cursos, etc.

O Museo, ó longo dos anos que leva funcionando, ten promovido numerosas actividades encamiñadas a levar a cabo ás funcións que se lle encomendan a un centro museístico: adquisición, conservación, investigación, comunicación e exhibición.

Entre estas actividades, cabe salientar o inventario de fondos realizado por bolseiros da Consellería de Cultura realizados nos anos 1991 e 1992, dende o Museo téñense impulsado, por medio de bolsas e subvencións, a realización de diversos inventarios e catálogos do patrimonio cultural: edificios de carácter

histórico do municipio, inventario de cruceiros e petos de ánimas da comarca do Condado, hórreos de Pontareas, festas e tradicións musicais de Pontareas, etc.

Amáis, o Museo foi consolidando un grupo de colaboradores e investigadores que teñen como canle de difusión dos seus traballos “Soberosum: revista de estudos do Museo Municipal”, que leva editados xa dous numeros e agardamos axiña publicar un terceiro. Ademais, dende o Museo xestiónase a edición dunha revista que edita o Concello anualmente co gallo da festa de Corpus, denominada “Pregón”. Gracias ós intercambios de publicacións, doazóns e compras o Museo conta cunha pequena biblioteca especializada con máis de 2.500 volumes.

O Museo ten realizado numerosas exposicións temporais que

posibilitaron a divulgación dos materiais que posúe o propio centro así como das pescudas realizadas; téñense realizado exposicións antolóxicas de artistas locais: Rogelio Lorenzo, Antonio Medal, Alfonso Quinteiro, Alfredo Bautista “Rey”, Juan Soutullo, etc. sobre aspectos diversos do noso patrimonio cultural (as corozas, monumentos salientables, fotografía antiga, etc.) ou numerosas exposicións itinerantes que foron acollidas neste Museo.

O definitivo funcionamento normalizado deste Museo supón a creación dunha institución encargada da conservación e enriquecemento do patrimonio cultural deste municipio. Esta decisión supón para o noso Concello –e compre recoñecerllelo– un importante esforzo económico xa que a financiación deste centro é exclusivamente municipal, agás algunha puntual subvención. En consecuencia, os recursos son escasos, caseque sempre baixo mínimos, pero nós temos optado claramente por realizar actuacións cara ós cidadáns empregando estes



Fig. 4

escasos orzamentos. A alternativa é realizar actividades ou renunciar á actividade divulgadora. Tratamos, en definitiva, de facer partícipes ós nosos conveciños do noso traballo, dende o convencemento de que é difícil (e máis nas pequenas localidades) crear o hábito de visitar un Museo, pero é moito máis fácil participar nel.

Agora abréñse para este Museo novas perspectivas de ampliacións coas obras da súa nova sede na antiga fábrica de curtidos de A Perillana, onde dispoñemos dun máis amplo espacio de exposición que permitirán unha máis completa exhibición dos nosos fondos.